# O subsistema de formación para o emprego

8

## 8.1. Introdución. Normativa aplicable

En materia de formación profesional veuse distinguindo tradicionalmente entre a formación profesional regrada, impartida dentro do sistema educativo xeral e dirixida a persoas en idade escolar; a formación profesional ocupacional, destinada a que persoas sen emprego adquirisen a aprendizaxe dun oficio ou dunha formación específica que lles facilitase a integración laboral e a formación profesional continua, orientada ao perfeccionamento ou a adquisición de novas habilidades profesionais por parte de persoas xa ocupadas. Sen embargo, nos últimos anos tendeuse a simplificar este esquema, facéndose unha distinción entre a formación profesional regrada e a formación profesional para o emprego, para integrar nesta última as antigas categorías de ocupacional e continua, de xeito que se aborden accións que poden dirixirse a empregados, desempregados ou, incluso, a estudantes do sistema regrado de formación profesional. A estes, cabe engadir a formación profesional dual, integrada no sistema educativo, pero con participación das empresas. Ten este carácter de formación profesional dual a que se proporciona no marco dos contratos para a formación e a aprendizaxe, e os que se concerten en execución de programas de casas de oficios, escolas taller e talleres de emprego.

O marco regulatorio da formación profesional para o emprego articúlase mediante normas legais e acordos dos axentes sociais, con participación, en ocasións, das administracións públicas concernidas. Destes últimos, destaca o IV Acordo Nacional de Formación Continua, subscrito polos axentes sociais de ámbito estatal, e publicado por resolución de 03.03.2006 da Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, prorrogado na súa vixencia por resolución de 27.11.2011, ata que chegue a formalizarse un novo acordo. En canto ás normas legais, en 2015 produciuse unha importante reforma do sistema, que tivo como orixe o real decreto-lei 4/2015, de 22 de marzo, para a reforma urxente do Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral. Para a análise do conxunto desa reforma hai que partir do disposto no artigo 40 do real decreto lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da lei de emprego. Nese artigo se establecen os principios xerais desenvolvidos na lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se aproba o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral, norma que culminou polo momento, a nivel de normas con rango de lei, a reforma iniciada en marzo. En tanto esta lei non teña desenvolvemento regulamentario, seguen vixentes algunhas disposicións do real decreto 395/2007, de 23 de marzo, á súa vez desenvolvido polas ordes ministeriais 2307/2007, de 27 de xullo, e 718/2008, de 7 de marzo.

Polo tanto, en 2015 hai que distinguir, desde o punto de vista da normativa reguladora da formación profesional para o emprego no ámbito laboral, tres períodos: entre o 1 de xaneiro e o 23 de marzo, en que resultou de aplicación a vella normativa, integrada pola lei 56/2003,

de 16 de decembro, de emprego, e o real decreto 395/2007 e as súas normas de desenvolvemento, antes citadas; entre o 24 de marzo e o 10 de setembro, en que a normativa aplicable estivo constituída polo real decreto-lei 4/ 2015, así como polas normas anteriores, en tanto resultasen compatibles coas deste real decreto- lei; e a partires do 11 de setembro, en que xa resulta aplicable a nova normativa coas particularidades que logo se dirá.

A nova lei, a lei 30/2015, explicita os catro obxectivos estratéxicos da reforma operada respecto do anterior sistema: a garantía do exercicio do dereito á formación dos traballadores, empregados e desempregados, en particular dos máis vulnerables; a contribución efectiva da formación á competitividade das empresas; o fortalecemento da negociación colectiva na adecuación da oferta formativa aos requerimentos do sistema produtivo; e a eficiencia e transparencia na xestión dos recursos públicos. A reforma pretende atender, asemade, á doutrina do Tribunal Constitucional conforme á cal o modelo de formación profesional para o emprego incardínase xenericamente na competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación laboral (artigo 149.1.7 da Constitución Española), aínda que sen excluír que poda haber supostos nos que a acción formativa quede vinculada a outro título competencial, coas conseguintes consecuencias para a delimitación do alcance da competencia do Estado.

O capítulo I da lei 30/2015 describe o obxecto da norma e establece, xunto cos fins do sistema de formación profesional para o emprego, que este será de aplicación en todo o territorio nacional e levarase a cabo mediante unha acción coordinada, colaborativa e cooperativa entre as administracións públicas competentes e os demais axentes que interveñen no mesmo, respectando o marco de distribución de competencias. O novo sistema de formación profesional para o emprego ten uns principios inspiradores que, recollidos no artigo 3, definen ao sistema como marco coherente de planificación, execución eficiente, seguimento e avaliación permanente, con entidades que impartan formación profesional para o emprego no ámbito laboral de calidade e con instrumentos renovados de información, seguimento e control. No sistema destaca, ademais, o papel protagonista da negociación colectiva e do diálogo social como ferramentas esenciais para contar cun sistema máis eficaz e orientado a satisfacer as necesidades reais de empresas e traballadores. O preámbulo da norma destaca a coherencia de todo isto coa unidade financeira do sistema e do seu réxime económico, que garante o principio de unidade de caixa da cota para a formación profesional.

O capítulo II introduce os elementos que tentan dotar ao sistema de necesaria eficiencia na observación e prospección do mercado de traballo, para detectar os cambios nas demandas de cualificación e competencias do tecido produtivo, coa intención de que a formación que

se imparta responda a unha diagnose da realidade, a unha análise das necesidades actuais e futuras de empresas e traballadores para cumprir os seus fins de xeito eficaz. Para elo, o artigo 5 prevé a elaboración dun escenario estratéxico plurianual, referente da programación de toda a formación que se imparta no sistema, elaboración que contará coa participación, entre outros, das comunidades autónomas, das organizacións empresariais e sindicais, e das organizacións representativas dos traballadores autónomos e da economía social. O escenario incluirá unha proxección plurianual estimativa da financiación pública precisa para atender as necesidades formativas, nun marco de estabilidade do sistema, que favoreza a certidume, a anticipación e as decisións de inversión. Pola súa parte, o artigo 6 introduce, de xeito inequívoco, a concorrencia competitiva aberta a todos os provedores de formación acreditados e/ou inscritos (concorrencia xa incorporada gradualmente nas convocatorias de subvencións dos últimos anos), como norma xeral para a xestión dos fondos destinados a financiar as programacións formativas das distintas administracións públicas. Así mesmo, o artigo 6 recolle a posibilidade de que as administracións públicas, nos seus respectivos ámbitos competenciais, podan articular un “cheque formación” para traballadores desempregados, co obxecto de proporcionarlles a formación que necesitan, ferramenta que pretende facilitar a liberdade de elección entre as entidades adheridas aos dispositivos específicos que se desenvolvan para os eu seguimento.

O capítulo III, segundo proclama o Preámbulo da disposición a que nos referimos, recolle un novo enfoque das iniciativas de formación profesional para o emprego, situando ás propias empresas e aos traballadores no centro do sistema. A lei estipula un novo papel da formación que programa a empresa para os seus propios traballadores, chamada a ser a ferramenta principal para ofrecer unha resposta inmediata ás necesidades cambiantes dos sectores e reforzar a súa capacidade de innovación, ao tempo que quedan satisfeitas as necesidades de adaptación, cualificación e empregabilidade dos traballadores. O artigo 10 prevé que as distintas administracións, nos seus respectivos ámbitos competenciais, e en aquilo que non se prevea no ámbito da empresa, completarán a oferta formativa coa súa propia programación para os traballadores ocupados, na cal as organizacións empresariais e sindicais deixarán de ser titulares de plans de formación, se ben participarán no seu deseño, programación e difusión. Así mesmo, as administracións competentes programarán formación para os traballadores desempregados, consonte ao previsto no artigo 11, na que os servizos públicos de emprego están chamados a ter un papel importante, á hora de identificar os perfís e os itinerarios individuais e personalizados de emprego dos beneficiarios, conforme ás novidades introducidas pola Estratexia Española de Activación para o Emprego.

O capítulo IV recolle os aspectos relativos ao control da formación impartida e o réxime sancionador, coa intención de perseguir de xeito máis eficaz o fraude na xestión dos fondos da formación profesional para o emprego, o que implica diferentes modificacións da Lei de Infraccións e sancións da orde social (LISOS), Por unha banda, se inclúe entre os potenciais suxeitos responsables ás entidades de formación e ás que asuman a organización da formación programada polas empresas, e se establece a responsabilidade solidaria dos suxeitos que participen na obtención fraudulenta de axudas, subvencións e bonificacións. Así mesmo, se crean novos tipos infractores e se endurecen s sancións, por exemplo, ao considerar unha infracción por cada empresa e acción formativa; e ao excluír a posibilidade de volver a ser beneficiarios do sistema de formación profesional para o emprego durante cinco anos a quen incorra nunha infracción moi grave. Por outra banda, para reforzar o control desta materia se prevé a creación dunha Unidade Especial de Inspección no seo da Dirección Especial adscrita á Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

O capítulo V reflicte a implantación dun sistema integrado de información que garanta a trazabilidade das accións formativas e a comparabilidade, coherencia e actualización permanente de toda a información sobre formación profesional para o emprego, que se desenvolva nos diferentes ámbitos competenciais. Este sistema integrado preténdese que desenvolva tres ferramentas clave: a Conta de Formación, que acompañará ao traballador ao longo da súa carreira profesional coa fin de acreditar o seu historial formativo e de orientar a oferta formativa cara ao incremento da súa empregabilidade; o Catálogo de Especialidades Formativas, que debe ser referente común de toda a oferta formativa que se programe para os traballadores ocupados e desempregados e que terá que ser obxecto de actualización permanente; e o Rexistro Estatal de Entidades de Formación, de carácter público, ao que se deberán incorporar os resultados das auditorías e controis de calidade que se realicen a ditas entidades.

Por fin, o capítulo VI da Lei fai referencia á gobernanza do sistema e define un novo papel para os distintos axentes e órganos intervintes, mediante a transformación dos diferentes órganos de goberno e, en particular, da Fundación Tripartita para a Formación no Emprego, nos que a representación da Administración Xeral do Estado deberá ser maioritaria. Os axentes sociais deixan de participar na xestión de fondos e na impartición da formación, como viñan facendo ata o de agora, función que a lei reserva para as entidades que imparten formación profesional, quen desenvolverán esta tarefa nun novo entorno que se quere máis competitivo. Deste xeito, o papel dos axentes sociais no sistema cobra protagonismo ao impulsarse o liderado e o protagonismo das organizacións sindicais e empresariais máis representativas no deseño estratéxico, na planificación , programación,

difusión, control, seguimento e avaliación da formación profesional para o emprego, especialmente na dirixida aos traballadores ocupados.

Como é lóxico, a transformación do modelo de formación profesional para o emprego non remata coa aprobación da lei 30/2015. No seu preámbulo se remarca que a lei será desenvolvida por un real decreto e unha orde ministerial que derrogarán a totalidade do marco xurídico vixente, constituído, como xa dixemos, polo real decreto 395/2007, de 23 de marzo, e as ordes ministeriais 2307/2007, de 27 de xullo, e 718/2008, de 7 de marzo. Sen embargo, a nova lei non quere que tal desenvolvemento normativo posterior demore a posta en marcha dos elementos esenciais do novo modelo de formación profesional para o emprego antes descritos, que terían que ser de aplicación a partires do día 11 de setembro de 2015 (data de entrada en vigor da lei, salvo o establecido nos artigos 9.4, aos efectos da forma de facer efectivo o crédito de formación por parte dos grupos de empresas, e 14.1, que regula modalidades de impartición para persoas con discapacidade. En ambos casos, a entrada en vigor retrasouse ata o 1 de xaneiro de 2016). Por elo, a disposición transitoria primeira mantén a vixencia da actual normativa regulamentaria tan só naqueles aspectos nos que non poda ser de aplicación directa o establecido na nova lei, en tanto non se produza o seu propio desenvolvemento regulamentario.

### 8.2. Formación de demanda

Referirémonos neste punto ao contido das estatísticas correspondentes a 2015 da Fundación Estatal para a Formación no Emprego que se refiren á formación de demanda, tamén coñecida como “formación bonificada”, “formación continua” ou “formación programada”. Trátase dunha formación permanente que ofertan as empresas aos seus traballadores, que garda relación coa actividade da empresa, e que persegue a finalidade de desenvolver o curriculum e competencias dos traballadores para favorecer a eficiencia e competitividade empresarial. Este tipo de formación fináncíase a través dun sistema de bonificacións, de xeito que as empresas dispoñen dun crédito formativo cuxo importe está en función das achegas das empresas á Seguridade Social en concepto de Formación Profesional. Cada empresa pode decidir que formación necesita, como e cando a realiza, así como organizala por si mesma, agruparse con outras empresas ou concertar a súa execución cunha entidade especializada. Tamén forman parte desta formación bonificada os permisos individuais de formación (PIF), dirixidos a adquisición  por parte do traballador dunha titulación ou acreditación profesional, un título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade. Esta formación pode non estar relacionada coa actividade da empresa.

**Cadro 8.1.**

**Formación de demanda. Evolución principais indicadores. Ámbito estatal. 2011-2015**

| | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|
| Empresas formadoras | 432.182 | 459.620 | 478.621 | 471.590 | 439.188 |
| Cobertura empresas (1) | 28,8% | 31,1% | 30,0% | 29,7% | 27,4% |
| Crédito asignado | 763.772.616 | 799.922.865 | 802.189.822 | 785.704.096 | 784.331.843 |
| Crédito disposto | 560.921.613 | 592.128.270 | 608.226.556 | 588.057.612 | 551.288.713 |
| Ratio disposto | 73,4% | 74,0% | 75,8% | 74,8% | 70,3% |
| Bonificación aplicada TGSS | 322.965.377 | 557.020.834 | 578.034.666 | 562.953.616 | 524.099.349 |
| Participantes formados | 2.986.493 | 3.176.489 | 3.224.182 | 3.291.803 | 3.576.748 |
| Cobertura participantes (2) | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Horas de Formación | 80.654.568 | 82.772.544 | 82.435.580 | 79.884.757 | 79.209.257 |
| Duración media | 27,0 | 26,1 | 25,6 | 24,3 | 22,2 |
| PIF finalizados | 4.634 | 18.909 | 30.226 | 13.666 | 9.403 |

(1) Porcentaxe de empresas formadoras sobre empresas do sector privado de alta en TGSS
(2) Porcentaxe de participantes formados sobre traballadores asalariados do sector privado EPA
Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación para a Formación no Emprego

Se analizamos os principais indicadores no ámbito estatal constatamos que en 2015, respecto dos dou anos anteriores, produciuse unha minoración en todos eles agás no de participantes formados: diminuíron o número de empresas formadoras, o ratio de cobertura de empresas, o crédito asignado para accións formativas, o crédito disposto respecto do asignado, a bonificación aplicada na Seguridade Social, o número de horas de formación impartidas e a duración media, medida en horas, das accións formativas. Pola contra incrementouse o número de participantes. En definitiva, menos empresas formando, menos recursos económicos e menos tempo dedicados á formación, pero máis traballadores como destinatarios da formación programada. A diminución das horas de formación en 2015, respecto de 2011, foi do 2,19 por cento. Se a comparación a facemos con 2012 (tendo en conta o repunte de horas de formación que se produciu nese ano no conxunto do Estado) a redución foi do 4,31 por cento.

**Cadro 8.2**

**Formación de demanda. Evolución principais indicadores. Galicia. 2011-2015**

| | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|---|---|---|---|---|---|
| Empresas formadoras | 36.762 | 37.860 | 37.801 | 36.311 | 33.875 |
| Cobertura empresas (1) | 37,5% | 39,1% | 39,0% | 38,3% | 35,9% |
| Crédito asignado | 40.872.668 | 41.075.645 | 39.740.701 | 37.331.150 | 36.458.354 |
| Crédito disposto | 31.705.794 | 31.008.366 | 31.187.872 | 29.068.392 | 26.534.427 |
| Ratio disposto | 77,6% | 75,5% | 78,5% | 77,9% | 72,8% |
| Bonificación aplicada TGSS | 18.454.159 | 28.830.962 | 29.450.827 | 27.526.123 | 25.018.499 |
| Participantes formados | 170.482 | 169.835 | 173.282 | 173.381 | 184.270 |
| Cobertura participantes (2) | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Horas de Formación | 5.400.651 | 5.223.026 | 5.141.169 | 4.859.014 | 4.735.227 |
| Duración media | 31,7 | 30,8 | 29,7 | 28,0 | 25,7 |
| PIF finalizados | 101 | 1.433 | 1.895 | 653 | 387 |

(1) Porcentaxe de empresas formadoras sobre empresas do sector privado de alta en TGSS
(2) Porcentaxe de participantes formados sobre traballadores asalariados do sector privado EPA
Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación Tripartita para a Formación no Emprego

Exactamente esa mesma evolución seguiron os indicadores mencionados, na nosa Comunidade Autónoma. Respecto do total de horas de formación impartidas, a diminución foi máis intensa que no conxunto do Estado. En relación con 2011, a redución en 2015 foi do 13,22 por cento, e do 9,34 por cento se a comparación se fai con 2012. As horas de formación impartidas en Galicia en 2011 supuxeron o 6,70 por cento do total de horas de formación impartidas no conxunto do Estado. En 2015, as horas de formación impartidas en Galicia foron o 5,98 por cento do total estatal.

**CADRO 8.3**

**Formación de demanda. Distribución sectorial das horas de formación. Galicia-España 2015**

| | Galicia | % | España | % |
|---|---|---|---|---|
| Agricultura | 159.512 | 3,4 | 1.561.309 | 2,0 |
| Industria | 980.816 | 20,7 | 14.046.438 | 17,7 |
| Construcción | 513.464 | 10,8 | 5.224.135 | 6,6 |
| Comercio | 914.596 | 19,3 | 14.575.399 | 18,4 |
| Hostalaría | 494.967 | 10,5 | 7.748.530 | 9,8 |
| Outros servizos | 1.671.872 | 35,3 | 36.053.446 | 45,5 |
| Total servizos | **3.081.435** | **65,1** | **58.377.375** | **73,7** |
| Total sectores | **4.735.227** | **100,0** | **79.209.257** | **100,0** |

Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación para a Formación no Emprego

En canto á distribución sectorial das horas de formación, tanto en Galicia como no Estado o maior número, cualitativamente moi destacado, se concentra no sector servizos, con máis

incidencia aínda en España, tales horas supoñen o 73,7 por cento do total de horas, que en Galicia, onde supoñen o 65,1 por cento. Por último, chama a atención positivamente que en Galicia se destinen, en tanto por cento, máis horas que no conxunto do Estado á formación no sector industrial.

**Cadro 8.4**

**Formación de demanda. Principais indicadores-I por provincias. Galicia.**

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| Empresas formadoras | 12.931 | 5.009 | 3.990 | 11.945 | **33.875** |
| % Provincia | 38% | 15% | 12% | 35% | **100%** |
| Cobertura empresas (1) | 34% | 39% | 37% | 36% | **36%** |
| Participantes formados | 81.304 | 18.776 | 17.266 | 66.924 | **184.270** |
| % Provincia | 44% | 10% | 9% | 36% | **100%** |
| Particip. formados homes | 47.411 | 11.566 | 9.521 | 39.573 | **108.071** |
| % Provincia | 44% | 11% | 9% | 37% | **100%** |
| Particicip. formados mulleres | 33.893 | 7.210 | 7.745 | 27.351 | **76.199** |
| % Provincia | 45% | 10% | 10% | 36% | **100%** |
| Duración media | 25 | 32 | 28 | 25 | **26** |

(1) Porcentaxe de empresas formadoras sobre empresas do sector privado de alta en TGSS
Fonte: Fundación Tripartita para a Formación no Emprego

**Cadro 8.5**

**Formación de demanda. Principais indicadores-II por provincias. Galicia.**

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| Cota de formación profesional | 22.417.642 | 3.882.699 | 4.159.644 | 17.077.909 | **47537895** |
| Crédito asignado | 16.124.263 | 3.741.580 | 3.591.711 | 13.000.800 | **36.458.354** |
| Crédito disposto | 11.056.467 | 2.990.683 | 2.760.238 | 9.727.039 | **26.534.427** |
| Aportación privada | 8.148.230 | 1.136.927 | 1.370.183 | 7.260.560 | **17.915.900** |
| Bonificación aplicada TGSS | 10.415.348 | 2.793.306 | 2.567.821 | 9.242.024 | **25.018.499** |

Fonte: Fundación Tripartita para a Formación no Emprego

Analizando os datos desagregados das catro provincias galegas correspondentes a 2015, podemos constatar que, nese ano, A Coruña concentra o maior número de empresas formadoras, se ben o ratio de cobertura é inferior ao das outras tres provincias, así como o maior número de participantes formados, tanto o total, como o de mulleres e o de homes. Por fin, a maior duración media das accións formativas corresponde á provincia de Lugo e a inferior á de A Coruña.

**Cadro 8.6**

**Formación de demanda. Perfil dos participantes formados por idade e nacionalidade. Galicia. 2015**

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ANOS | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media |
| De 16 a 25 | 4.741 | 2,6 | 32,0 | 3.785 | 2,1 | 33,8 | **8.526** | **4,6** | **32,8** |
| De 26 a 35 | 26.968 | 14,6 | 27,2 | 22.849 | 12,4 | 30,4 | **49.817** | **27,0** | **28,7** |
| De 36 a 45 | 41.502 | 22,5 | 23,8 | 30.082 | 16,3 | 26,6 | **71.584** | **38,8** | **25,0** |
| De 46 a 55 | 26.082 | 14,2 | 22,6 | 15.055 | 8,2 | 25,0 | **41.137** | **22,3** | **23,5** |
| Maiores de 55 | 8.722 | 4,8 | 20,3 | 4.426 | 2,4 | 21,7 | **13.198** | **7,2** | **20,8** |
| Sen datos | 6 | 0,0 | 59,5 | 2 | 0,0 | 9,0 | **8** | **0,0** | **46,9** |
| ESTRANXEIROS | | | | | | | | | |
| Si | 2.803 | 1,5 | 29,2 | 1.381 | 0,7 | 36,8 | **4.184** | **2,3** | **31,7** |
| Non | 105.268 | 57,1 | 24,3 | 74.818 | 40,6 | 27,3 | **180.086** | **97,7** | **25,6** |

Fonte: Fundación para a Formación no Emprego

Os datos estatísticos facilitados por la Fundación para a Formación no Emprego proporcionan unha información moi útil acerca do perfil dos participantes na formación de demanda. A primeira información refírese ao perfil dos participantes desde o punto de vista da súa idade e nacionalidade, sempre engadindo a distinción de xénero, podéndose comprobar que en Galicia, en 2015, o maior número corresponde aos homes de entre 36 e 45 anos, seguido do das mulleres desa mesma franxa de idade. Homes e mulleres de entre 26 e 45 anos supoñen o 53,7 por cento do total de participantes formados. Sen embargo, a maior duración media dos cursos concéntrase, tanto en homes como en mulleres, na franxa de idade dos máis novos, entre os 16 e os 25 anos, cunha duración media de 32,8 horas.

**Cadro 8.7**

**Formación de demanda. Perfil dos participantes formados por nivel de estudos, categoría profesional e grupo de cotización. Galicia. 2015**

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media |
| NIVEL DE ESTUDOS | | | | | | | | | |
| Sen estudos | 2.040 | 1,1 | 21,5 | 1.010 | 0,5 | 18,8 | **3.050** | **1,7** | **20,6** |
| Estudos primarios, EXB ou equivalente | 41.504 | 22,5 | 26,0 | 21.568 | 11,7 | 27,1 | **63.072** | **34,2** | **26,4** |
| FP I ou Ensino Técnico prof. equivalente ou Bacharelato Sup., BUP e equivalente, FP II ou equivalente | 41.223 | 22,4 | 24,1 | 27.986 | 15,2 | 30,5 | **69.209** | **37,6** | **26,7** |
| Arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico, diplomado doutras escolas universitarias ou equivalentes | 11.328 | 6,1 | 22,0 | 12.981 | 7,0 | 24,3 | **24.309** | **13,2** | **23,2** |
| Arquitecto e enxeñeiro superior ou licenciado | 10.448 | 5,7 | 23,8 | 11.678 | 6,3 | 25,5 | **22.126** | **12,0** | **24,7** |
| Outras titulacións | 1.528 | 0,8 | 18,9 | 976 | 0,5 | 23,9 | **2.504** | **1,4** | **20,8** |
| CATEGORÍA PROFESIONAL | | | | | | | | | |
| Directivo | 3.414 | 1,9 | 25,9 | 1.464 | 0,8 | 33,9 | **4.878** | **2,6** | **28,3** |
| Mando intermedio | 10.887 | 5,9 | 18,2 | 6.147 | 3,3 | 22,2 | **17.034** | **9,2** | **19,6** |
| Técnico | 15.377 | 8,3 | 22,6 | 15.826 | 8,6 | 21,5 | **31,203** | **16,9** | **22,0** |
| Traballador cualificado | 56.411 | 30,6 | 25,6 | 33.980 | 18,4 | 31,3 | **90.391** | **49,1** | **27,7** |
| Traballador con baixa cualificación | 21.982 | 11,9 | 25,6 | 18.782 | 10,2 | 26,8 | **40.764** | **22,1** | **26,2** |
| GRUPO DE COTIZACIÓN | | | | | | | | | |
| 1. Enxeñeiros e licenciados | 7.784 | 4,2 | 25,9 | 6.791 | 3,7 | 27,9 | **14.575** | **7,9** | **26,8** |
| 2. Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados | 6.842 | 3,7 | 21,9 | 7.064 | 3,8 | 23,0 | **13.906** | **7,5** | **22,5** |
| 3. Xefes administrativos e de taller | 8.558 | 4,6 | 20,2 | 4.975 | 2,7 | 20,5 | **13.533** | **7,3** | **20,3** |
| 4. Axudantes non titulados | 5.636 | 3,1 | 19,6 | 3.313 | 1,8 | 22,6 | **8.949** | **4,9** | **20,7** |
| 5. Oficiais administrativos | 11.370 | 6,2 | 20,1 | 16.278 | 8,8 | 20,0 | **27.648** | **15,0** | **20,0** |
| 6. Subalternos | 4.028 | 2,2 | 19,5 | 2.676 | 1,5 | 27,9 | **6,704** | **3,6** | **22,8** |
| 7. Auxiliares administrativos | 4.360 | 2,4 | 31,8 | 11.364 | 6,2 | 32,7 | **15.724** | **8,5** | **32,4** |
| 8. Oficiais de primeira e segunda | 38.235 | 20,7 | 25,3 | 8.561 | 4,6 | 37,0 | **46.796** | **25,4** | **27,5** |
| 9. Oficiais de terceira e especialistas | 11.972 | 6,5 | 27,9 | 7.690 | 4,2 | 36,6 | **19.662** | **10,7** | **31,3** |
| 10. Traballadores maiores de 18 anos non cualificados | 9.208 | 5,0 | 27,7 | 7.442 | 4,0 | 26,0 | **16.650** | **9,0** | **26,9** |
| 11. Traballadores menores de 18 anos | 78 | 0,0 | 45,6 | 45 | 0,0 | 62,9 | **123** | **0,1** | **51,9** |

Fonte: Fundación para a Formación no Emprego

Se o que temos en conta é o nivel de estudos, son os homes con estudos primarios, EXB ou equivalente, os que concentran o maior número de participantes formados, seguido, con cifras practicamente iguais, do grupo dos homes con Formación Profesional de 1º ou 2º grao, ou ensino técnico profesional equivalente, ou Bacharelato Superior, BUP e equivalente. As mulleres deste último nivel de estudos integran o terceiro grupo en participantes formados, seguido polo das mulleres con estudos primarios, EXB ou equivalente. Homes e mulleres destes dou niveis de estudos supoñen o 71,8 por cento do total de participantes formados. A duración media dos cursos nos que participaron estes colectivos é a maior. Os homes e as mulleres con maior nivel de estudos apenas supoñen, en conxunto, o 25,2 do total de participantes formados.

Se partimos da base da categoría profesional, os homes coa categoría de traballador cualificado, seguido das mulleres coa mesma categoría, son os que agrupan maior número de participantes formados, a metade de todos eles. Sen embargo, a maior duración media dos procesos formativos corresponde ao persoal directivo.

O colectivo de oficiais de primeira de segunda (grupo 8), no caso dos homes, e o de oficiais administrativos (grupo 5), no caso das mulleres, concentran o maior número de participantes formados de ter en conta o seu grupo de cotización á Seguridade Social.

**Cadro 8.8**

**Formación de demanda. Perfil dos participantes formados por tamaño de empresa e sector de actividade. Galicia. 2015**

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media |
| TAMAÑO DA EMPRESA | | | | | | | | | |
| De 1 a 5 | 15.694 | 8,5 | 51,5 | 13.541 | 7,3 | 59,6 | **29.235** | **15,9** | **55,2** |
| De 6 a 9 | 5.886 | 3,0 | 40,4 | 3.372 | 1,8 | 47,6 | **8.958** | **4,9** | **43,1** |
| De 10 a 49 | 23.393 | 12,7 | 27,1 | 12.088 | 6,6 | 31,7 | **35.481** | **19,3** | **28,7** |
| De 50 a 99 | 9.135 | 5,0 | 21,3 | 5.448 | 3,0 | 22,5 | **14.583** | **7,9** | **21,8** |
| De 100 a 249 | 10.773 | 5,8 | 19,1 | 6.788 | 3,7 | 17,4 | **17.561** | **9,5** | **18,4** |
| De 250 a 499 | 7.037 | 3,8 | 16,0 | 5.343 | 2,9 | 22,7 | **12.380** | **6,7** | **18,9** |
| De 500 a 999 | 4.961 | 2,7 | 13,7 | 2.943 | 1,6 | 13,8 | **7.904** | **4,3** | **13,7** |
| De 1.000 a 4.999 | 14.094 | 7,6 | 12,9 | 14.093 | 7,6 | 13,9 | **28.187** | **15,3** | **13,4** |
| Más de 4.999 | 17.398 | 9,4 | 12,1 | 12.583 | 6,8 | 11,6 | **29.981** | **16,3** | **11,9** |
| SECTOR DE ACTIVIDADE | | | | | | | | | |
| Agricultura | 2.929 | 1,6 | 47,0 | 505 | 0,3 | 43,5 | **3.434** | **1,9** | **46,5** |
| Industria | 34.451 | 18,7 | 19,8 | 13.417 | 7,3 | 22,3 | **47.868** | **26,0** | **20,5** |
| Construcción | 17.022 | 9,2 | 26,4 | 1.309 | 0,7 | 48,7 | **18.331** | **9,9** | **28,0** |
| Hostalaría | 4.070 | 2,2 | 43,2 | 7.083 | 3,8 | 45,1 | **11.153** | **6,1** | **44,4** |
| Outros Servizos | 34.353 | 18,6 | 21,6 | 37.862 | 20,5 | 24,5 | **72.215** | **39,2** | **23,2** |

Fonte: Fundación para a Formación no Emprego

De ter en conta o tamaño da empresa, son as empresas que ocupan entre 10 e 49 traballadores as que contan cun maior número de participantes formados, tanto entre os homes como entre as mulleres. En canto á duración media dos procesos formativos, constátase unha curiosa relación: a duración media é inversamente proporcional ao tamaño da empresa, de xeito que canto menor é o tramo de traballadores ocupados, maior é a duración media de tales procesos formativos. Así mesmo, as empresas que ocupan 100 ou máis traballadores agrupan o 52 por cento dos participantes formados en 2015.

O sector de “outros servizos”, excluída a hostalaría, agrupa o maior número de participantes formados, se ben son os homes do sector industrial os que ocupan o primeiro posto en participantes formados.

**Cadro 8.9**

**Formación de demanda. Participantes formados segundo tipoloxía da formación e familia profesional. Galicia. 2015**

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media |
| MODALIDADE DE IMPARTICIÓN | | | | | | | | | |
| Presencial | 62.327 | 33,8 | 12,7 | 35.018 | 19,0 | 11,9 | **97.345** | **52,8** | **12,4** |
| A distanza | 20.832 | 11,3 | 54,2 | 20.243 | 11,0 | 58,6 | **41.075** | **22,3** | **56,4** |
| Mixta | 17.134 | 9,3 | 29,3 | 10.408 | 5,6 | 22,4 | **27.542** | **14,9** | **26,7** |
| Teleformación | 7.778 | 4,2 | 28,0 | 10.530 | 5,7 | 24,4 | **18.308** | **9,9** | **25,9** |
| TIPO DE ACCIÓN FORMATIVA | | | | | | | | | |
| Xenérica | 60.646 | 32,9 | 26,9 | 45.693 | 24,8 | 30,8 | **106.339** | **57,7** | **28,6** |
| Específica | 47.425 | 25,7 | 21,3 | 30.506 | 16,6 | 22,5 | **77.931** | **42,3** | **21,7** |
| FAMILIA PROFESIONAL (1) | | | | | | | | | |
| Actividades físicas e deportivas | 131 | 0,1 | 26,3 | 139 | 0,1 | 25,5 | **270** | **0,1** | **25,9** |
| Adminsitración e Xestión | 17.022 | 9,2 | 17,5 | 16.316 | 8,9 | 21,4 | **33.338** | **18,1** | **10,4** |
| Agraria | 415 | 0,2 | 38,3 | 176 | 0,1 | 27,.5 | **591** | **0,3** | **35,1** |
| Artes gráficas | 187 | 0,1 | 56,3 | 193 | 0,1 | 57,4 | **380** | **0,2** | **56,8** |
| Comercio e marketing | 10.716 | 5,8 | 21,4 | 9.572 | 5,2 | 22,7 | **20.288** | **11,0** | **22,0** |
| Edificación e obra civil | 2.162 | 1,2 | 31,1 | 174 | 0,1 | 36,9 | **2.336** | **1,3** | **31,6** |
| Electricidade e electrónica | 387 | 0,2 | 29,0 | 40 | 0,0 | 23,1 | **427** | **0,2** | **28,5** |
| Enerxía e auga | 1.275 | 0,7 | 17,0 | 76 | 0,0 | 16,1 | **1.351** | **0,7** | **17,0** |
| Fabricación mecánica | 1.460 | 0,8 | 29,6 | 462 | 0,3 | 20,0 | **1.922** | **1,0** | **27,3** |
| Hostelería e turismo | 824 | 0,4 | 33,6 | 1.151 | 0,6 | 35,6 | **1.975** | **1,1** | **34,8** |
| Imaxe persoal | 49 | 0,0 | 49,6 | 875 | 0,5 | 34,9 | **924** | **0,5** | **35,7** |
| Industrias alimentarias | 6.577 | 3,6 | 32,6 | 10,874 | 5,9 | 33,2 | **17.451** | **9,5** | **33,0** |
| Industrias extractivas | 318 | 0,2 | 10,3 | 87 | 0,0 | 12,1 | **405** | **0,2** | **10,7** |
| Informática e comunicacións | 5.547 | 3,0 | 32,8 | 5.474 | 3,0 | 32,3 | **11.021** | **6,0** | **32,5** |
| Instalación e mantenemento | 1.922 | 1,0 | 22,4 | 157 | 0,1 | 28,3 | **2.079** | **1,1** | **22,9** |
| Sanidade | 1.060 | 0,6 | 28,7 | 3.916 | 2,1 | 36,1 | **4.976** | **2,7** | **34,6** |
| Seguridade e medio ambiente | 42.342 | 23,0 | 22,4 | 12.285 | 6,7 | 24,8 | **54.627** | **29,6** | **22,9** |
| Servicios socioculturais e á comunidade | 4.704 | 2,6 | 25,1 | 7.174 | 3,9 | 21,1 | **11.878** | **6,4** | **22,7** |
| Textil, confección e e pel | 76 | 0,0 | 24,1 | 330 | 0,2 | 29,6 | **406** | **0,2** | **28,6** |
| Transporte e mantemento de vehículos | 5.104 | 2,8 | 29,3 | 437 | 0,2 | 24,9 | **5.541** | **3,0** | **28,9** |
| Formación complementaria | 5.467 | 3,0 | 38,6 | 6.094 | 3,3 | 41,2 | **11.561** | **6,3** | **40,0** |

(1) Por familia profesional enténdese o conxunto de cualificacións en que se estructura o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, atendendo acriterios de afinidade da competencia profesional. Hai 26 familias profesionais. Neste cadro téñense en conta tan só aquelas familias profesionais que agrupan a máis de 200 particpantes formados.

Fonte: Fundación para a Formación no Emprego

No que atinxe á modalidade de impartición, a formación presencial acaparou máis da metade de participantes formados, se ben tivo maior incidencia nos homes (62.327, a maioría, fronte os 45.744 que optaron polas outras modalidades) que nas mulleres (das que unha minoría, 35.018, preferiron a modalidade presencial fronte ás 41.181 que optaron por algunha das outras tres modalidades). Esta opción maioritaria pola formación presencial implicou así mesmo a menor duración media da formación impartida, 12,4 horas por participante, sensiblemente inferior á duración media das outras tres modalidades de impartición.

Desde o punto de vista das familias profesionais son as de seguridade e medio ambiente, en primeiro lugar, e administración e xestión, en segundo lugar, as que integran maior número de participantes formados, sumando entre as dúas o 47,7 por cento do total de participantes formados. Non obstante, a diferenza de xénero tamén establece aquí unha particularidade: entre os participantes formados homes a primeira familia profesional é a de seguridade e

medio ambiente e a segunda a de administración e xestión, ocorrendo exactamente o contrario entre as mulleres.

**Cadro 8.10**

**Formación de demanda. Participantes formados segundo os contidos formativos. Galicia. 2015**

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CONTIDOS FORMATIVOS (1) | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media |
| Prevención de riscos laborais | 34.657 | 18,8 | 22,7 | 9.896 | 5,4 | 25,6 | **44.553** | **24,2** | **23,4** |
| Xestión de recursos humanos | 8.315 | 4,6 | 14,4 | 7.724 | 4,2 | 16,1 | **16.239** | **8,8** | **15,2** |
| Seguridade alimentaria: manipulación e control | 5.858 | 3,2 | 32,5 | 9.729 | 5,3 | 32,7 | **15.587** | **8,5** | **32,6** |
| Idiomas | 3.853 | 2,1 | 37,9 | 3.877 | 2,1 | 40,6 | **7.730** | **4,2** | **39,3** |
| Informática de usuario/ Ofimática | 3.286 | 1,8 | 37,2 | 4.039 | 2,2 | 35,5 | **7.325** | **4,0** | **36,3** |
| Seguridade e vixilanxia | 4876 | 2,6 | 17,9 | 992 | 0,5 | 20,5 | **5.868** | **3,2** | **18,3** |
| Socorrismo e primeiros auxilios | 2.935 | 1,6 | 28,7 | 1.863 | 1,0 | 25,0 | **4.798** | **2,6** | **27,2** |
| Xestión comercial | 1.781 | 1,0 | 13,1 | 2.553 | 1,4 | 11,2 | **4.334** | **2,4** | **12,0** |
| Técnicas de venta e formación de vendedores | 2.090 | 1,1 | 16,4 | 1.897 | 1,0 | 20,0 | **3.987** | **2,2** | **18,1** |
| Atención ao cliente/ calidade servizo | 1.580 | 0,9 | 25,9 | 2.388 | 1,3 | 26,6 | **3.968** | **2,2** | **26,3** |
| Dirección e xestión bancaria | 1.912 | 1,0 | 8,9 | 2.002 | 1,1 | 11,1 | **3.914** | **2,1** | **10,0** |
| lexislación e normativa | 1.476 | 0,8 | 43,0 | 2.051 | 1,1 | 44,5 | **3.527** | **1,9** | **43,9** |
| Actualización en docencia | 794 | 0,4 | 13,0 | 2.557 | 1,4 | 13,0 | **3.351** | **1,8** | **13,0** |
| Calidade | 1.895 | 1,0 | 20,7 | 1.135 | 0,6 | 25,9 | **3.030** | **1,6** | **22,7** |
| Coñecemento do producto | 1.753 | 1,0 | 17,4 | 972 | 0,5 | 19,3 | **2.725** | **1,5** | **18,1** |
| Almacenaxe, stocks e envíos | 2.164 | 1,2 | 25,0 | 208 | 0,1 | 25,0 | **2.372** | **1,3** | **25,0** |
| Nutrición e dietética | 467 | 0,3 | 23,1 | 1.577 | 0,9 | 21,3 | **2.044** | **1,1** | **21,7** |
| Conducción e pilotaxe de vehículos, aeronaves e trens | 1.866 | 1,0 | 28,6 | 122 | 0,1 | 19,7 | **1.968** | **1,1** | **28,0** |
| Coñecemento do sector | 1.396 | 0,8 | 34,7 | 469 | 0,3 | 27,1 | **1.865** | **1,0** | **32,8** |
| Informática de desenvolvemento | 1.122 | 0,6 | 19,6 | 685 | 0,4 | 16,2 | **1.807** | **1,0** | **18,4** |
| Xestión ambiental | 1.124 | 0,6 | 16,1 | 564 | 0,3 | 11,7 | **1.688** | **0,9** | **14,6** |
| Operativa se seguros | 929 | 0,5 | 9,4 | 721 | 0,4 | 9,9 | **1.650** | **0,9** | **9,6** |
| Procesos productivos industria alimentaria | 598 | 0,3 | 36,3 | 967 | 0,5 | 42,2 | **1.565** | **0,8** | **40,0** |
| Operativa bancaria | 717 | 0,4 | 15,1 | 760 | 0,4 | 17,2 | **1.477** | **0,8** | **16,1** |
| Procesos de producción, trasnformación e distribución | 1.366 | 0,7 | 17,5 | 71 | 0,0 | 15,5 | **1.437** | **0,8** | **17,4** |
| Manipulación de mercadorías | 1.205 | 0,7 | 33,4 | 151 | 0,1 | 31,2 | **1.356** | **0,7** | **33,2** |
| Mantemento industrrial | 1.266 | 0,7 | 17,1 | 71 | 0,0 | 20,1 | **1.337** | **0,7** | **17,3** |
| Servizos asistenciais | 210 | 0,1 | 19,6 | 1.107 | 0,6 | 21,5 | **1.317** | **0,7** | **21,2** |
| Operación de maquinaria. Construcción | 1.287 | 0,4 | 28,2 | 18 | 0,0 | 35,8 | **1.305** | **0,7** | **28,3** |
| Saúde laboral e enfermidades profesionales | 652 | 0,4 | 19,3 | 552 | 0,3 | 24,0 | **1.204** | **0,7** | **21,4** |
| Cuidados sanitarios auxiliares | 233 | 0,1 | 26,1 | 855 | 0,5 | 32,1 | **1.088** | **0,6** | **30,8** |
| Operativa de transportes | 963 | 0,5 | 24,2 | 110 | 0,1 | 22,6 | **1.073** | **0,6** | **24,0** |
| Servicios persoais | 87 | 0,0 | 41,3 | 904 | 0,5 | 35,2 | **991** | **0,5** | **35,7** |
| Loxística integral | 374 | 0,2 | 20,4 | 602 | 0,3 | 13,8 | **976** | **0,5** | **16,3** |
| Atención ao paciente ou usuario de servizos sanitarios | 58 | 0,0 | 47,5 | 667 | 0,4 | 80,3 | **725** | **0,4** | **77,7** |
| Xestión administrativa | 218 | 0,1 | 35,3 | 505 | 0,3 | 32,3 | **723** | **0,4** | **33,2** |
| Xestión fiscal | 229 | 0,1 | 47,9 | 486 | 0,3 | 53,8 | **715** | **0,4** | **51,9** |
| Hostelería- cociña | 288 | 0,2 | 39,2 | 384 | 0,2 | 45,9 | **672** | **0,4** | **43,0** |
| Control de xestión | 255 | 0,1 | 35,8 | 400 | 0,2 | 31,4 | **655** | **0,4** | **33,1** |
| Mantemento e reparación de vehículos lixeiros | 589 | 0,3 | 14,2 | 52 | 0,0 | 8,2 | **641** | **0,3** | **13,7** |
| Hostelería- servizo de comidas e bebidas | 259 | 0,1 | 37,5 | 351 | 0,2 | 38,7 | **610** | **0,3** | **38,1** |
| Deseño asistido por ordenador | 417 | 0,2 | 49,8 | 183 | 0,1 | 53,4 | **600** | **0,3** | **50,9** |
| Merketing | 228 | 0,1 | 55,9 | 360 | 0,2 | 61,2 | **588** | **0,3** | **59,1** |
| Tratamento de residuos (excepto residuos urbanos) | 456 | 0,2 | 52,4 | 128 | 0,1 | 37,5 | **584** | **0,3** | **49,1** |
| Contabilidade | 174 | 0,1 | 57,3 | 404 | 0,2 | 58,3 | **578** | **0,3** | **58,0** |
| Análises e control financeiro | 249 | 0,1 | 16,0 | 329 | 0,2 | 17,5 | **578** | **0,3** | **16.8** |

(1) Tivéronse en conta tan só aqueles contidos formativos que agrupan a máis de 499 participantes formados

Fonte: Fundación Tripartita para a Formación no Emprego

Respecto dos contidos formativos, en 2015 hai tres que acaparan o 41,5 por cento do total de participantes formados en Galicia: a prevención de riscos laborais, que de xeito desatacado absorbe o 24,2 por cento dese total; a xestión de recursos humanos; e a

seguridade alimentaria. Esa concentración nesas tres áreas formativas produciuse dun xeito uniforme entre os homes e as mulleres.

Combinado todas as categorías anteriores, pódese dicir que o perfil maioritario do participante formado en Galicia en 2015 é o seguinte:

- No caso dos homes: de entre 36 e 45 anos, con estudos primarios, EXB ou equivalente, traballador cualificado, oficial de primeira ou segunda (grupo 8 de cotización), empregado dunha pequena empresa de entre 10 e 49 traballadores, pertencente ao sector industrial, que recibiu formación presencial, con contidos vinculados á prevención de riscos laborais, cunha duración media de 22,7 horas.
- No caso das mulleres: de entre 36 e 45 anos, con estudos de Formación Profesional de 1º ou 2º grao, ou ensino técnico profesional equivalente, ou Bacharelato Superior, BUP e equivalente, traballadora cualificada, oficial administrativa (grupo 5 de cotización), traballadora dunha gran empresa de máis de mil traballadores, pertencente ao sector doutros servizos (excluída a hostalaría), que recibiu formación presencial, con contidos vinculados á prevención de riscos laborais e á seguridade alimentaria, cunha duración media de entre 22,7 e 32,5 horas.

## 8.3. Formación de oferta

A formación de oferta, tamén chamada “formación gratuíta”, “formación subvencionada” e tradicionalmente “formación ocupacional” é a ofrecida e desenvolvida pola administración pública ou entidades privadas, dirixida a traballadores ocupados ou desempregados, e financiada mediante subvencións. Neste tipo de formación tiveron un importante protagonismo os axentes sociais, situación que cambia radicalmente coa nova lexislación de 2015, segundo se dixo no punto 8.1. Son accións formativas que encaixan nesta formación de oferta a formación para o desenvolvemento de novos sectores profesionais, a destinada á inserción laboral de colectivos en risco de exclusión social, a que ten por finalidade a obtención do Certificado de Profesionalidade ou formación orientada ao desenvolvemento estratéxico dun territorio concreto, por exemplo.

As estatísticas da Fundación para a Formación no Emprego informan da formación realizada mediante as convocatorias estatais de subvención de plans de formación de oferta dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados. Os datos desta Fundación con que se conta no momento de elaboración deste informe son os correspondentes a 2014.

## Cadro 8.11

### Formación de oferta. Participantes formados España / Galicia. Evolución 2010-2014

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 |
|---|---|---|---|---|---|
| Participantes formados España | 635.060 | 445.672 | 325.274 | 253.985 | **234.458** |
| Taxa de cobertura España (1) | 4,1% | 2,9% | 2,2% | 1,8% | **1,6%** |
| Participantes formados Galicia | | | 25.581 | 19.921 | **16.257** |
| Taxa de cobertura Galicia (1) | | | 3,0% | 2,4% | **2,0%** |

(1) Porcentaxe de participantes formados sobre traballadores ocupados EPA II trimestre

Fonte: Fundación para a Formación no Emprego

## Cadro 8.12

### Formación de oferta. Participantes formados, por provincias. Galicia 2014.

| | A CORUÑA | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Participantes formados | 6.527 | 1.666 | 1.325 | 6.739 | **16.257** |
| % Provincia | 40,1% | 10,2% | 8,2% | 41,5% | **100,0%** |
| Particip. formados homes | 3.094 | 799 | 589 | 3.141 | **7.623** |
| % Provincia | 40,6% | 10,5% | 7,7% | 41,2% | **100,0%** |
| Particicip. formados mulleres | 3.433 | 867 | 736 | 3.598 | **8.634** |
| % Provincia | 39,8% | 10,0% | 8,5% | 41,7% | **100,0%** |
| Duración media | 95 | 85 | 118 | 130 | **110** |

Fonte: Fundación para a Formación no Emprego

O número de participantes formados veu diminuíndo tanto no conxunto de España como en Galicia. Sen embargo, a taxa de cobertura de Galicia foi superior á de España, nos últimos anos. Pontevedra é a provincia que rexistrou máis participantes totais, así como na desagregación entre homes e mulleres. Tamén en Pontevedra a duración media, en horas fe formación por alumno, é a maior de toda Galicia, seguida neste punto pola duración media da formación impartida na provincia de Ourense.

CADRO 8.13

**Formación de oferta. Perfil dos participantes formados.**
**Por sexo, situación de emprego, xénero e nacionalidade. Galicia 2014**

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media |
| **XÉNERO** | 7.623 | 46,9 | 104,4 | 8.634 | 53,1 | 115,2 | 16.257 | 100 | 110,1 |
| **SIT. EMPREGO** | | | | | | | | | |
| Ocupado | 4.881 | 64,0 | 64,8 | 5.389 | 62,4 | 81,1 | 10.270 | 63,2 | 73,4 |
| Desempregado | 2.742 | 36,0 | 174,8 | 3.245 | 37,6 | 171,8 | 5.987 | 36,8 | 173,1 |
| **IDADE** | | | | | | | | | |
| De 16 a 25 | 1.192 | 15,6 | 185,8 | 1353 | 15,7 | 194,7 | 2.545 | 15,7 | 190,6 |
| De 26 a 35 | 2.640 | 34,6 | 118,4 | 3.387 | 39,2 | 122,6 | 6.027 | 37,1 | 120,8 |
| De 36 a 45 | 2.311 | 30,3 | 73,8 | 2.584 | 29,9 | 87,7 | 4.895 | 30,1 | 81,1 |
| De 46 a 55 | 1.203 | 15,8 | 63,8 | 1.085 | 12,6 | 70,1 | 2.288 | 14,1 | 66,8 |
| Maiores de 55 | 277 | 3,6 | 51,4 | 225 | 2,6 | 58,6 | 502 | 3,1 | 54,6 |
| **NACIONALIDADE** | | | | | | | | | |
| Estranxeiro | 179 | 2,3 | 156,0 | 156 | 1,8 | 145,6 | 335 | 2,1 | 151,2 |
| Non estranxeiro | 7.444 | 97,7 | 103,1 | 8.478 | 98,2 | 114,6 | 15.922 | 97,9 | 109,3 |

Fonte: Fundación para a Formación no Emprego

Iniciando a análise dos participantes formados, case que dous de cada tres participantes formados foron traballadores ocupados (o 63,2 por cento), mentres que algo máis de un de cada tres participantes (o 36,8 por cento) era desempregado. Similar proporción mantense entre os homes e as mulleres. Estas foron as principais destinatarias de formación de oferta, tanto as ocupadas como as desempregadas. A duración media das accións formativas foi sensiblemente superior no caso das destinadas a desempregados, 173,1 horas, fronte ás 73,4 horas das accións formativas que tiveron como destinatarios a traballadores ocupados.

Os participantes formados de entre 26 e 45 anos supuxeron o 67,1 por cento do total, con preferencia para a franxa de 26 a 35 anos. Tamén aquí, a proporción mantense entre os homes e as mulleres. Os participantes formados maiores de 55 anos tiveron un carácter testemuñal, ao supoñer un 3,1 por cento do total.

CADRO 8.14

**Formación de oferta. Perfil dos participantes formados. Por nivel de estudos e categoría profesional. Galicia. 2014**

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media |
| **NIVEL DE ESTUDOS** | | | | | | | | | |
| Sen titulación | 305 | 4,0 | 111,2 | 211 | 2,4 | 116,3 | **516** | **3,2** | **113,3** |
| ESO/ Graduado escolar | 2.641 | 34,6 | 93,9 | 1.171 | 20,5 | 101,5 | **4.412** | **27,1** | **97,0** |
| Bacharelato | 974 | 12,8 | 106,6 | 963 | 11,2 | 123,7 | **1.937** | **11,9** | **115,1** |
| Técnico FP grao medio/ FPI | 900 | 11,8 | 96,0 | 765 | 8,9 | 122,1 | **1.665** | **10,2** | **108,0** |
| Técnico FP grao superior/ FPII | 1.186 | 15,6 | 121,4 | 1.411 | 16,3 | 124,5 | **2.597** | **16,0** | **123,1** |
| Diplomado/ Grao (E. Universitaria primer ciclo) | 748 | 9,8 | 116,8 | 1.505 | 17,4 | 111,7 | **2.253** | **13,9** | **113,4** |
| Licenciado/ Máster (E. Universitaria segundo ciclo) | 845 | 11,1 | 102,5 | 1.948 | 22,6 | 113,9 | **2.793** | **17,2** | **110,5** |
| Doutor (E. Universitaria terceiro ciclo) | 3 | 0,0 | 110,0 | 6 | 0,1 | 184,2 | **9** | **0,1** | **159,4** |
| Outros | 21 | 0,3 | 259,9 | 54 | 0,6 | 203,7 | **75** | **0,5** | **219,0** |
| **CATEGORÍA PROFESIONAL** | | | | | | | | | |
| Directivo | 436 | 5,7 | 72,6 | 519 | 6,0 | 79,1 | **965** | **5,9** | **76,1** |
| Mando intermedio | 261 | 3,4 | 75,6 | 275 | 3,2 | 90,5 | **536** | **3,3** | **83,2** |
| Traballador con baixa cualificación | 1.693 | 22,2 | 54,2 | 1.742 | 20,2 | 76,6 | **3.435** | **21,1** | **65,6** |
| Traballador cualificado | 1.757 | 23,0 | 64,8 | 1.953 | 22,6 | 82,8 | **3.710** | **22,8** | **74,3** |
| Técnico | 734 | 9.6 | 81,1 | 900 | 10,4 | 84,6 | **1.634** | **10,1** | **83,0** |
| Sen datos | 2.742 | 36,0 | 174,8 | 3.245 | 37,6 | 171,8 | **5.987** | **36,8** | **173,1** |

Fonte: Fundación para a Formación no Emprego

Se o que temos en conta é o nivel de estudos dos participantes en accións de formación de oferta, conclúese que o grupo maioritario foi o que contaba con estudos de ESO/ Graduado escolar. Así ocorreu tamén no caso dos homes, pero non foi así no caso das mulleres. Entre estas o grupo maioritario foi o das que contaban con estudos de licenciatura/ master (Escola Universitaria de segundo ciclo); seguido das que estaban en posesión da titulación de técnico de FP de grao superior/ FPI. En ambos casos, ademais, a duración media foi notoriamente superior á do grupo maioritario de homes a que vimos de referirnos.

Por categoría profesional, a información está seriamente sesgada, na medida en que, tanto no caso dos homes como no das mulleres, o grupo maioritario estivo constituído polo “sen datos”, cun 36,8 por cento do total. Excluído este, o máis numeroso, tanto nos homes como nas mulleres, foi o dos traballadores cualificados, seguido, tamén en ambos xéneros, polo dos traballadores con baixa cualificación.

**CADRO 8.15**

**Formación de oferta. Perfil dos participantes formados. Por situación de cotización á Seguridade Social e sector de actividade. Galicia. 2014**

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media |
| **SITUACIÓN DE COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL** | | | | | | | | | |
| Administración pública | 44 | 0,6 | 34,6 | 54 | 0,6 | 34,0 | 98 | 0,6 | 34,3 |
| Fixos dicontinos en periodos de non ocupación | 8 | 0,1 | 132,0 | 11 | 0,1 | 34,1 | 19 | 0,1 | 75,3 |
| Mutualistas de colexios profesionais non autónomos | 5 | 0,1 | 85,0 | 2 | 0,0 | 150,0 | 7 | 0,0 | 103,6 |
| Réxime Especial Agrario por conta allea | 2 | 0,0 | 72,0 | 2 | 0,0 | 155,0 | 4 | 0,0 | 113,5 |
| Réxime Especial Agrario por conta propia | 131 | 1,7 | 29,2 | 107 | 1,2 | 25,8 | 238 | 1,5 | 27,7 |
| Réxime Especial de Empregados do fogar | 0 | 0,0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0,0 |
| Réxime Especial de Traballadores Autónomos | 980 | 12,9 | 66,6 | 970 | 11,2 | 78,1 | 1.950 | 12,0 | 72,3 |
| Réxime Xeral | 3.579 | 47,0 | 66,6 | 4.202 | 48,7 | 83,8 | 7.781 | 47,9 | 75,9 |
| Regulación de Emprego en periodos de non ocupación | 6 | 0,1 | 41,3 | 1 | 0,0 | 100,0 | 7 | 0,0 | 49,7 |
| Socios traballadores de cooperativas | 0 | 0,0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0,0 |
| Traballador considerado desempregado tras comprobación en TGSS | 0 | 0,0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0,0 |
| Traballador considerado ocupado tras comprobación en TGSS | 0 | 0,0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0,0 |
| Traballadores a tempo parcial de carácter indefinido | 1 | 0,0 | 100,0 | 4 | 0,0 | 97,5 | 5 | 0,0 | 98,0 |
| Traballadores que acceden a desemprego durante a formación | 0 | 0,0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0,0 |
| Traballadores con convenio especial coa Seguridade Social | 1 | 0,0 | 170,0 | 2 | 0,0 | 80,0 | 3 | 0,0 | 110,0 |
| Traballadores con relacións laborais especiais (art. 2 ET) | 0 | 0,0 | 0,0 | 1 | 0,0 | 210,0 | 1 | 0,0 | 210,0 |
| Traballadores incluidos no Réxime Especial do Mar | 124 | 1,6 | 42,3 | 33 | 0,4 | 93,2 | 157 | 1,0 | 53,0 |
| Traballadores non ocupados rexistrados como demandantes de emprego | 2.742 | 36,0 | 174,8 | 3.245 | 37,6 | 171,8 | 5.987 | 36,8 | 173,1 |
| **SECTOR DE ACTIVIDADE** | | | | | | | | | |
| Agricultura | 877 | 11,5 | 63,2 | 605 | 7,0 | 69,5 | 1.482 | 9,1 | 65,8 |
| Industria | 1.955 | 26,2 | 71,1 | 1.192 | 13,8 | 84,2 | 3.187 | 19,6 | 76,0 |
| Construcción | 132 | 1,7 | 212,9 | 24 | 0,3 | 286,7 | 156 | 1,0 | 224,2 |
| Comercio | 616 | 8,1 | 130,2 | 1.658 | 19,2 | 133,6 | 2.274 | 14,0 | 132,7 |
| Hostalaría | 283 | 3,7 | 165,8 | 451 | 5,2 | 119,2 | 734 | 4,5 | 137,2 |
| Outros servizos | 2.189 | 28,7 | 83,1 | 3.035 | 35,2 | 110,4 | 5.224 | 32,1 | 99,0 |
| Non asigandos a unha C.P.S. | 1.302 | 17,1 | 115,9 | 1.569 | 18,2 | 125,0 | 2.871 | 17,7 | 120,9 |
| Sen datos | 229 | 3,0 | 482,8 | 100 | 1,2 | 388,4 | 329 | 2,0 | 454,1 |

Fonte: Fundación para a Formación no Emprego

Practicamente a metade dos participantes en accións de formación de oferta en Galicia, en 2014, estaban encadrados no Réxime Xeral da Seguridade Social, grupo que foi seguido polo dos non ocupados e rexistrados como demandantes de emprego e, a maior distancia, polo dos encadrados no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

O sector de actividade máis numeroso foi o dos outros servizos (excluídos comercio e hostelería), seguido, no caso das mulleres, polo de comercio e, no caso dos homes, polo sector industrial. No total de participantes formados, os sectores de outros servizos e industrial supuxeron a metade (51,7 por cento).

**Cadro 8.16**

**Formación de oferta. Participantes formados segundo modalidade de impartición e familia profesional. Galicia. 2014**

| | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media |
| **MODALIDADE DE IMPARTICIÓN** | | | | | | | | | |
| Presencial | 3.145 | 36,4 | 146,2 | 4.714 | 61,8 | 109,6 | 7.859 | 48,3 | 124,2 |
| Mixta | 418 | 4,8 | 82,4 | 253 | 3,3 | 94,1 | 671 | 4,1 | 86,8 |
| Teleformación | 5.071 | 58,7 | 98,7 | 2.656 | 34,8 | 96,1 | 7.727 | 47,5 | 97,8 |
| **FAMILIA PROFESIONAL (1)** | | | | | | | | | |
| Actividades físicas e deportivas | 31 | 0,4 | 34,5 | 25 | 0,3 | 33,0 | 56 | 0,3 | 33,8 |
| Administración e xestión | 1.463 | 16,9 | 92,3 | 913 | 12,0 | 85,9 | 2.376 | 14,6 | 89,9 |
| Agraria | 296 | 3,4 | 97,5 | 354 | 4,6 | 54,6 | 650 | 4,0 | 74,1 |
| Artes gráficas | 139 | 1,6 | 471,9 | 97 | 1,3 | 385,3 | 236 | 1,5 | 436,3 |
| Comercio e marketing | 2.017 | 23,4 | 120,8 | 1.750 | 23,0 | 116,2 | 3.767 | 23,2 | 118,7 |
| Edificación e obra civil | 115 | 1,3 | 133,6 | 241 | 3,2 | 172,2 | 356 | 2,2 | 159,7 |
| Enerxía e auga | 25 | 0,3 | 145,6 | 87 | 1,1 | 102,0 | 112 | 0,7 | 111,7 |
| Fabricación mecánica | 62 | 0,7 | 55,5 | 457 | 6,0 | 87,4 | 519 | 3,2 | 83,6 |
| Hostelería e turismo | 378 | 4,4 | 132,9 | 225 | 3,0 | 191,2 | 603 | 3,7 | 154,6 |
| Imaxe persoal | 157 | 1,8 | 120,0 | 16 | 0,2 | 99,8 | 173 | 1,1 | 118,1 |
| Imaxe e son | 27 | 0,3 | 25,9 | 35 | 0,5 | 27,9 | 62 | 0,4 | 27,1 |
| Industrias alimentarias | 294 | 3,4 | 51,3 | 160 | 2,1 | 48,7 | 454 | 2,8 | 50,4 |
| Informática e comunicacións | 1.012 | 11,7 | 113,7 | 877 | 11,5 | 112,7 | 1.889 | 11,6 | 113,2 |
| Instalación e mantenemento | 19 | 0,2 | 177,9 | 125 | 1,6 | 145,4 | 144 | 0,9 | 149,7 |
| Química | 28 | 0,3 | 93,2 | 6 | 0,1 | 65,8 | 34 | 0,2 | 88,4 |
| Sanidade | 413 | 4,8 | 120,1 | 89 | 1,2 | 99,9 | 502 | 3,1 | 116,5 |
| Seguridade e medio ambiente | 502 | 5,8 | 72,9 | 715 | 9,4 | 57,9 | 1.217 | 7,5 | 64,1 |
| Servizos socioculturais e á comunidade | 1.195 | 13,8 | 120,4 | 657 | 8,6 | 101,1 | 1.852 | 11,4 | 113,5 |
| Textil, confección e pel | 67 | 0,8 | 72,5 | 6 | 0,1 | 79,3 | 73 | 0,4 | 73,1 |
| Transporte e mantemento de vehículos | 35 | 0,4 | 33,9 | 579 | 7,6 | 38,8 | 614 | 3,8 | 38,5 |
| Formación complementaria | 343 | 4,0 | 158,2 | 143 | 1,9 | 145,4 | 486 | 3,0 | 152,4 |
| Competencias profesionais non clasificadas | 12 | 0,1 | 83,3 | 5 | 0,1 | 84,0 | 17 | 0,1 | 83,5 |

(1) Por familia profesional enténdese o conxunto de cualificacións en que se estructura o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, atendendo acriterios de afinidade da competencia profesional. Hai 26 familias profesionais. Neste cadro téñense en conta tan só aquelas familias profesionais que agrupan a máis de 200 particpantes formados.

Fonte: Fundación para a Formación no Emprego

Desde o punto de vista da modalidade de impartición da formación, houbo unha situación de equilibrio entre a modalidade presencial e a de teleformación se temos o conta o total de participantes. Pero ao facer a desagregación por sexos, os resultados son substancialmente diferentes, pois a modalidade presencial tivo clara prevalencia entre as mulleres, mentres que ocorreu o contrario entre os homes, que optaron máis pola teleformación.

En canto ás familias profesionais, a maioritaria entre os participantes formados foi a do comercio e marketing (23,2 por cento), seguida da de administración e xestión (14,6 por cento), con porcentaxes similares ao facer a desagregación por sexos. O terceiro grupo máis numeroso de participantes foi, entre as mulleres, o da familia de informática e comunicacións, e, entre os homes, o da familia de servizos socioculturais e á comunidade.

Cadro 8.17

**Formación de oferta. Participantes formados segundo os contidos formativos. Galicia. 2014**

| CONTIDOS FORMATIVOS (1) | HOMES | | | MULLERES | | | TOTAIS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media | Participantes formados | % | Duración media |
| Novas tecnoloxías e investigación aplicadas á docencia | 548 | 6,3 | 151,0 | 277 | 3,6 | 171,9 | **825** | **5,1** | **158,0** |
| Almacenaxe, stocks e envíos | 196 | 2,3 | 47,1 | 513 | 6,7 | 31,3 | **709** | **4,4** | **35,7** |
| Loxística integral | 257 | 3,0 | 200,4 | 437 | 5,7 | 202,1 | **694** | **4,3** | **201,4** |
| Prevención de Riscos Laborais | 266 | 3,1 | 68,0 | 324 | 4,3 | 55,0 | **590** | **3,6** | **60,9** |
| Comercio Exterior | 337 | 3,9 | 155,8 | 162 | 2,1 | 117,2 | **499** | **3,1** | **143,2** |
| Xestión de recursos humanos | 253 | 2,9 | 55,1 | 229 | 3,0 | 42,1 | **482** | **3,0** | **48,9** |
| Marketing | 295 | 3,4 | 98,0 | 163 | 2,1 | 94,3 | **458** | **2,8** | **96,7** |
| Idiomas | 306 | 3,5 | 169,0 | 130 | 1,7 | 154,6 | **436** | **2,7** | **164,7** |
| Produción agrícola | 166 | 1,9 | 31,4 | 195 | 2,6 | 31,9 | **361** | **2,2** | **31,7** |
| Planificación e organización empresarial | 234 | 2,7 | 74,6 | 116 | 1,5 | 70,8 | **350** | **2,2** | **73,4** |
| Hostalaría- cociña | 235 | 2,7 | 79,8 | 105 | 1,4 | 86,4 | **340** | **2,1** | **81,8** |
| Condución e pilotaxe de vehículos, aeronaves e trens | 29 | 0,3 | 30,9 | 300 | 3,9 | 42,6 | **329** | **2,0** | **41,6** |
| Seguridade alimentaria: manipulación e control | 212 | 2,5 | 44,0 | 116 | 1,5 | 44,9 | **328** | **2,0** | **44,4** |
| Seguridade e vixilancia | 44 | 0,5 | 61,7 | 257 | 3,4 | 4,4 | **301** | **1,9** | **43,5** |
| Soldadura | 4 | 0,0 | 35,0 | 243 | 3,2 | 46,5 | **247** | **1,5** | **46,4** |
| Infromática de desenvolvemento | 83 | 1,0 | 85,5 | 164 | 2,2 | 74,0 | **247** | **1,5** | **77,9** |
| Xestión comercial | 134 | 1,6 | 133,7 | 109 | 1,4 | 177,6 | **243** | **1,5** | **153,4** |
| Enfermería | 211 | 2,4 | 142,0 | 30 | 0,4 | 141,7 | **241** | **1,5** | **142,0** |
| Técnicas de venta e formación de vendedores | 175 | 2,0 | 109,6 | 59 | 0,8 | 83,8 | **234** | **1,4** | **103,1** |
| Actualización en docencia | 194 | 2,2 | 159,2 | 39 | 0,5 | 137,3 | **233** | **1,4** | **155,6** |
| Operativa de transportes | 20 | 0,2 | 52,8 | 201 | 2,6 | 40,7 | **221** | **1,4** | **41,8** |
| Sevizos persoais | 163 | 1,9 | 117,9 | 33 | 0,4 | 81,1 | **196** | **1,2** | **111,7** |
| Socorrismo e primeiros auxilios | 54 | 0,6 | 28,2 | 131 | 1,7 | 26,3 | **185** | **1,1** | **26,9** |
| Xestión de grandes empresas e redes empresariais | 98 | 1,1 | 96,3 | 76 | 1,0 | 135,5 | **174** | **1,1** | **113,4** |
| Publicidade e comunicación externa da empresa | 112 | 1,3 | 69,2 | 46 | 0,6 | 66,6 | **158** | **1,0** | **68,4** |
| Xestión ambiental | 98 | 1,1 | 93,4 | 48 | 0,6 | 96,6 | **146** | **0,9** | **94,5** |
| Xestión de almacén e/ou distribución | 77 | 0,9 | 106,4 | 68 | 0,9 | 128,5 | **145** | **0,9** | **116,8** |
| Atención ao cliente/ calidade do servizo | 102 | 1,2 | 53,6 | 31 | 0,4 | 78,8 | **133** | **0,8** | **59,5** |
| Servizos de limpeza e tratamento residuos urbáns | 79 | 0,9 | 68,0 | 54 | 0,7 | 70,8 | **133** | **0,8** | **69,1** |
| Produción gandeira | 40 | 0,5 | 31,6 | 92 | 1,2 | 31,9 | **132** | **0,8** | **31,8** |
| Xestión de pemes | 79 | 0,9 | 153,7 | 52 | 0,7 | 159,9 | **131** | **0,8** | **156,2** |
| Administración de persoal | 71 | 0,8 | 71,9 | 55 | 0,7 | 62,4 | **126** | **0,8** | **67,7** |
| Ciuidados sanitarios auxiliares | 87 | 1,0 | 88,2 | 32 | 0,4 | 62,0 | **119** | **0,7** | **81,1** |
| Enxeñaría e novas tecnoloxías I+D+I | 106 | 1,2 | 61,5 | 11 | 0,1 | 68,2 | **117** | **0,7** | **62,1** |
| Procesos de produción, transformación e distribución de enerxía e auga | 19 | 0,2 | 153,7 | 86 | 1,1 | 101,7 | **105** | **0,6** | **111,1** |
| Xestión de empresas de economía social | 63 | 0,7 | 50,0 | 36 | 0,5 | 44,1 | **99** | **0,6** | **47,9** |
| Manipulación de mercadorías | 41 | 0,5 | 10,0 | 57 | 0,7 | 32,2 | **98** | **0,6** | **22,9** |
| Procesos produtivos industrrias alimentarias | 56 | 0,6 | 64,4 | 41 | 0,5 | 57,5 | **97** | **0,6** | **61,5** |
| Interiorismo e decoración | 85 | 1,0 | 95,9 | 11 | 0,1 | 88,6 | **96** | **0,6** | **95,1** |
| Saúde laboral e enfermidades profesionais | 64 | 0,7 | 37,1 | 31 | 0,4 | 44,3 | **95** | **0,6** | **39,5** |
| Metodoloxías didácticas específicas | 81 | 0,9 | 51,7 | 11 | 0,1 | 44,1 | **92** | **0,6** | **50,8** |
| Escaparatismo | 78 | 0,9 | 75,5 | 10 | 0,1 | 67,4 | **88** | **0,5** | **74,6** |
| Autómatas programables e robótica | 30 | 0,3 | 44,0 | 56 | 0,7 | 49,1 | **86** | **0,5** | **47,3** |
| Comunicacións informáticas | 25 | 0,3 | 48,1 | 58 | 0,8 | 41,1 | **83** | **0,5** | **43,2** |
| Merchandising | 68 | 0,8 | 117,1 | 14 | 0,2 | 125,0 | **82** | **0,5** | **118,5** |
| Xestión de formación | 24 | 0,3 | 14,3 | 57 | 0,7 | 9,1 | **81** | **0,5** | **10,6** |
| Materiais e materias primas | 48 | 0,6 | 76,9 | 32 | 0,4 | 187,5 | **80** | **0,5** | **121,1** |
| Compras e aprovisionamento | 33 | 0,4 | 50,4 | 46 | 0,6 | 35,9 | **79** | **0,5** | **41,9** |
| Xestión hotelera | 51 | 0,6 | 115,3 | 27 | 0,4 | 114,8 | **78** | **0,5** | **115,1** |
| Operación de maquinaria construción | 0 | 0,0 | 0,0 | 77 | 1,0 | 45,7 | **77** | **0,5** | **45,7** |
| Deseño industrial | 26 | 0,3 | 49,7 | 50 | 0,7 | 57,7 | **76** | **0,5** | **55,0** |
| Mantemento e reparación de vehículos lixeiros | 0 | 0,0 | 0,0 | 75 | 1,0 | 28,8 | **75** | **0,5** | **28,8** |
| Xestión de proxectos (non informáticos) | 41 | 0,5 | 41,9 | 34 | 0,4 | 47,1 | **75** | **0,5** | **44,2** |

(1) Tivéronse en conta tan só aqueles contidos formativos que agrupan a máis de 74 participantes formados
Fonte: Fundación Tripartita para a Formación no Emprego

No que atinxe aos contidos formativos, a orientación preponderante no total de participantes foi a de novas tecnoloxías e investigación aplicadas á docencia, contido formativo maioritario no caso dos homes, seguido do comercio exterior. Non foi así no caso das mulleres, en que o contido formativo prevalente foi o de almacenaxe, stocks e envíos, seguido do de loxística integral.

Tal e como fixemos anteriormente coa formación de demanda, se combinamos todas as categorías anteriores, pódese dicir que o perfil maioritario do participante formado en Galicia en 2014 é o seguinte:

- No caso dos homes: traballador ocupado, de entre 26 e 35 anos, con estudos de ESO/ Graduado escolar, traballador cualificado, de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social nunha empresa do sector de outros servizos (excluídos comercio e hostalaría), que recibiu formación por teleformación, con contidos vinculados ás novas tecnoloxías e investigación aplicadas á docencia, cunha duración media de 97,8 horas.
- No caso das mulleres: traballadora ocupada, de entre 26 e 35 anos, licenciada/ máster (Escola Universitaria de segundo ciclo), traballadora cualificada, de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social nunha empresa do sector de outros servizos (excluídos comercio e hostalaría), que recibiu formación presencial, con contidos vinculados ao almacenaxe, stocks e envíos, cunha duración media de 124,2 horas.